

**ACTA NÚMERO: 22/2025**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2025.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 12 de xuño de 2025 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 5 de xuño de 2025 (Reunión 21/2025).
2. Dar conta da oferta presentada pola entidade Culturactiva, Soc. Coop. Galega (F15983067) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025019183).
3. Dar conta da oferta presentada pola entidade Revenidas, S.C. (J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de catro actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025022906).
4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Vionta Musica, S.L. (B56949043) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025022911).
5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na EP-1003 Rodeira-A Boubeta, do P.Q. 0+400 ao 1+000 (Concello de Cangas)". (Expte.- 2025008650).
6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)". (Expte.- 2024059095).
7. Informe sobre a valoración técnica realizada do lote número 1 do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024043090).
8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024043090).

*FORA DA ORDE DO DÍA.- Aclaración da oferta técnica presentada no sobre "B", pola empresa Sociedade Española de Construcciones Eléctricas, S.A. para optar á adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000 (Expte 2025005763).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 5 de xuño de 2025 (Reunión 21/2025).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 5 de xuño de 2025 (Reunión 21/2025).

**2. Dar conta da oferta presentada pola entidade Culturactiva, Soc. Coop. Galega (F15983067) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025019183).**

Por Resolución Presidencial número 2025004539, de data 02/06/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa +Música 2025, pola cantidade máxima de 21.780,00 €, IVE engadido.

Na citada Resolución, acordouse invitar a Culturactiva, Soc. Coop. Galega (F15983067) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 01/06/2025.

A empresa Culturactiva, Soc. Coop. Galega presentou oferta, e con data 06/06/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa Culturactiva, Soc. Coop. Galega foi a seguinte:

|                          |             |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 18.000,00 € |
| IVE (21 %)               | 3.780,00 €  |
| Importe ofertado con IVE | 21.780,00 € |

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por Culturactiva, Soc. Coop. Galega no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa +Música 2025.



**3. Dar conta da oferta presentada pola entidade Revenidas, S.C. (J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de catro actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025022906).**

Por Resolución Presidencial número 2025004540, de data 02/06/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de catro actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao programa +Música 2025, pola cantidade máxima de 58.080,00 €, IVE engadido.

Na citada Resolución, acordouse invitar a Revenidas, S.C. (J94117678) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 01/06/2025.

A empresa Revenidas, S.C. presentou oferta, e con data 06/06/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa Revenidas, S.C. foi a seguinte:

|                          |             |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 48.000,00 € |
| IVE (21 %)               | 10.080,00 € |
| Importe ofertado con IVE | 58.080,00 € |

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por Revenidas, S.C. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de catro actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao programa +Música 2025.

**4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Vionta Musica, S.L. (B56949043) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025022911).**

Por Resolución Presidencial número 2025004334, de data 27/05/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa +Música 2025, pola cantidade máxima de 39.930,00 €, IVE engadido.

Na citada Resolución, acordouse invitar a Vionta Music, S.L. (B56949043) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 28/05/2025.



A empresa Vionta Music, S.L. presentou oferta, e con data 09/06/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa Vionta Music, S.L. foi a seguinte:

|                          |             |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 33.000,00 € |
| IVE (21 %)               | 6.930,00 €  |
| Importe ofertado con IVE | 39.930,00 € |

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por Vionta Music, S.L.. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa +Música 2025.

**5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na EP-1003 Rodeira-A Boubeta, do P.Q. 0+400 ao 1+000 (Concello de Cangas)". (Expte.- 2025008650).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025003406 de data 30 de abril de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Reposición de firme na EP- 1003 Rodeira-A Boubeta, do P.Q. 0+400 ao 1+000 (Concello de Cangas)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 29/05/2025 procedeu á apertura electrónica sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na EP-1003 Rodeira-A Boubeta, do P.Q. 0+400 ao 1+000 (Concello de Cangas)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L..



Os valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES                                           | SOBRE ÚNICO         |                     |                      |                    |                     |
|-------------------------------------------------------|---------------------|---------------------|----------------------|--------------------|---------------------|
|                                                       | OFERTA<br>ECONÓMICA | CONTROL<br>CALIDADE | PRAZO DE<br>GARANTÍA | UNE-EN ISO<br>9001 | UNE-EN ISO<br>14001 |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                     | 110.800,00 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                       | 104.054,67 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                           | 108.112,93 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |
| CONSTRUCCIONES VALE, SL                               | 103.609,25 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                     | 107.964,45 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |
| HORDESCON, S.L.                                       | 109.585,28 €        | 3,00%               | 12 MESES             | SI                 | SI                  |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 113.606,42 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |
| NAROM, S.L.                                           | 113.408,45 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                 | 110.067,82 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | NON                 |
| ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.         | 100.763,52 €        | 3,00%               | 36 MESES             | SI                 | SI                  |

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., CONSTRUCCIONES VALE, SL. e ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Finalizado o prazo non consta que as empresas CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., CONSTRUCCIONES VALE, SL. e ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L presentaran xustificación algunha da súa oferta, polo que non deben de ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| LICITADORES                                           | VALORACIÓN<br>ECONÓMICA | PRAZO DE<br>GARANTÍA | CONTROL<br>CALIDADE | CERTIFICADOS<br>9001/14001 | PUNTUACIÓN<br>SOBRE "ÚNICO" |
|-------------------------------------------------------|-------------------------|----------------------|---------------------|----------------------------|-----------------------------|
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                     | 40,07                   | 10,00                | 10,00               | 5,00                       | 65,07                       |
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                           | 48,55                   | 10,00                | 10,00               | 5,00                       | 73,55                       |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                     | 49,02                   | 10,00                | 10,00               | 5,00                       | 74,02                       |
| HORDESCON, S.L.                                       | 43,89                   | 0,00                 | 10,00               | 5,00                       | 58,89                       |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 31,37                   | 10,00                | 10,00               | 5,00                       | 56,37                       |
| NAROM, S.L.                                           | 31,98                   | 10,00                | 10,00               | 5,00                       | 56,98                       |
| NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.                                 | 42,37                   | 10,00                | 10,00               | 5,00                       | 67,37                       |

A Mesa de Contratación acorda,

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., CONSTRUCCIONES VALE, SL. e ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L, pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reposición de firme na EP-1003 Rodeira-A Boubeta, do P.Q. 0+400 ao 1+000 (Concello de Cangas)" que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADORES                                           | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|-------------------------------------------------------|------------------|
| 1        | CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                     | 74,02            |
| 2        | CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                           | 73,55            |
| 3        | NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.                                 | 67,37            |
| 4        | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                     | 65,07            |
| 5        | HORDESCON, S.L.                                       | 58,89            |
| 6        | NAROM, S.L.                                           | 56,98            |
| 7        | MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 56,37            |



3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Reposición de firme na EP-1003 Rodeira-A Boubeta, do P.Q. 0+400 ao 1+000 (Concello de Cangas)" á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS SA (CIF A36008886) de acordo co seguinte detalle:

|                        |              |
|------------------------|--------------|
| Importe ofertado ..... | 107.964,45 € |
| IVE (21%) .....        | 22.672,53 €  |
| Importe Total .....    | 130.636,98 € |

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS SA, figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS VIAIS SA, mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
  - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato
- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
  - Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 5.398,22 €



**6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)". (Expte.- 2024059095).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de abril de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 24/04/2025 procedeu á apertura electrónica sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L..

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao, con data 20 de maio de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| LICITADORES                     | A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO | PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES | PUNTUACIÓN SOBRE "A" |
|---------------------------------|---------------------------------|--------------------------------------|----------------------|
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 18,00                           | 2,00                                 | 20,00                |



|                                                                           |       |      |       |
|---------------------------------------------------------------------------|-------|------|-------|
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                                               | 18,00 | 2,00 | 20,00 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U                             | 18,00 | 2,00 | 20,00 |
| CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.                                       | 20,00 | 3,00 | 23,00 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.                  | 12,00 | 2,00 | 14,00 |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.                     | 14,00 | 2,00 | 16,00 |
| NAROM, S.L.                                                               | 16,00 | 2,00 | 18,00 |
| UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L. | 16,00 | 2,00 | 18,00 |

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 20 de maio de 2025, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+80 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)”..

Na mesma reunión tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES                                                                | SOBRE B          |                  |                  |                 |                  |
|----------------------------------------------------------------------------|------------------|------------------|------------------|-----------------|------------------|
|                                                                            | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PAZO DE GARANTÍA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                                            | 443.770,18 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                                                | 445.630,75 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U                              | 458.855,85 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.                                        | 453.073,01 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.                   | 473.941,52 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.                      | 451.966,73 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |
| NAROM, S.L.                                                                | 448.195,31 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |
| UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L. | 426.170,23 €     | 3,00%            | 36 MESES         | SI              | SI               |



A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L.. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Finalizado o prazo non consta que a UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación desta obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| LICITADORES                                              | VALORACIÓN ECONOMICA | PRAZO DE GARANTÍA | CONTROL CALIDADE | CERTIFICADOS 9001/14001 | PUNTUACIÓN SOBRE "B" |
|----------------------------------------------------------|----------------------|-------------------|------------------|-------------------------|----------------------|
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 36,74                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 51,74                |
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                              | 35,56                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 50,56                |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U            | 27,25                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 42,25                |
| CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.                      | 30,84                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 45,84                |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 17,91                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 32,91                |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 31,54                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 46,54                |
| NAROM, S.L.                                              | 33,93                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 48,93                |

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa a UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.



2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)” que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADORES                                              | PUNTUACIÓN<br>SOBRE "A" | PUNTUACIÓN<br>SOBRE "B" | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
|----------|----------------------------------------------------------|-------------------------|-------------------------|---------------------|
| 1        | CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 20,00                   | 51,74                   | 71,74               |
| 2        | CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                              | 20,00                   | 50,56                   | 70,56               |
| 3        | CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.                      | 23,00                   | 45,84                   | 68,84               |
| 4        | NAROM, S.L.                                              | 18,00                   | 48,93                   | 66,93               |
| 5        | MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 16,00                   | 46,54                   | 62,54               |
| 6        | CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U            | 20,00                   | 42,25                   | 62,25               |
| 7        | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 14,00                   | 32,91                   | 46,91               |

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)” á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., (CIF B-36147429) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....443.770,18 €  
 IVE (21%) .....93.191,74 €  
 Importe Total .....536.961,92 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
  - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato
- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
  - Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 22.188,51 €

**7. Informe sobre a valoración técnica realizada do lote número 1 do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024043090).**

O xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra en data 10 de xuño de 2025 emitiu un informe proposta sobre unha incidencia detectada, posteriormente á apertura do sobre C, na valoración das ofertas técnicas do lote nº 1 do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra.

O contido literal deste informe é o seguinte:

*“Pablo Montero Carrera, xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra, INFORMA:*

**ANTECEDENTES DE FEITO**



*I.-Por acordo do Pleno do día 31 de xaneiro de 2025 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra”.*

*Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 8 de maio de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa e, a continuación, á apertura do sobre “B” que contén a documentación técnica.*

*Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B” ao persoal técnico da Unidade de Control e Vixilancia (Lote 1), do Centro Príncipe Felipe e do servizo de Xuventude e Reto Demográfico (Lote 2), do Museo de Pontevedra (Lote 3), do servizo de Cooperación (Lote 4) e do servizo de Turismo Rías Baixas (Lote 5) para que avaliaran e ponderasen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.*

*II.-A Mesa de Contratación, na reunión do día 05 de xuño de 2025, en base aos ditos informes, prestou conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas na valoración da documentación técnica dos Sobres B, e procedeu á apertura dos sobres C, relativos ás ofertas avaliáveis mediante criterios automáticos, dos licitadores cuxas ofertas técnicas obtiveron o mínimo do 50% da puntuación máxima.*

*III.-Revisados novamente os informes de valoración detectase que no informe do Lote 1 (CSV HH8LCFMTN1Z2BS45) introduciuse de forma errónea a valoración do plan de formación con un máximo de 15 puntos cando non estaba establecido nos pregos.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*O artigo 145.1 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) sinala que a adxudicación dos contratos realizárase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. O mesmo artigo, no apartado 5 indica que os criterios aos que se refire o apartado 1 que han de servir de base para a adxudicación do contrato estableceranse nos pregos de cláusulas administrativas particulares, e deberá figurar no anuncio que sirva de convocatoria da licitación.*

*Pola súa banda, o artigo 146.2.b) sinala que, a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizárase tras efectuar previamente a daqueloutros criterios en que non concorra esta circunstancia.*

*Así mesmo, o artigo 152.4 da LCSP establece que a desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun procedemento de licitación*

#### **CONCLUSIÓN**

*Constátase que, por erro, se introduciu un criterio de adxudicación alleo ao previsto nos pregos no informe de valoración dos criterios non automáticos do Lote 1 e que, antes de advertirse tal incorrección, xa se procedera á apertura do sobre C. Esta circunstancia altera a esencia mesma do sistema de avaliación deseñado polo órgano de contratación e vulnera o principio de integridade da licitación.*



*A posibilidade de retrotraer actuacións para emendar o erro comprometería a percepción de imparcialidade na adxudicación e podería menoscar os principios de igualdade, obxectividade e transparencia que han rexer toda contratación pública, pois o segredo das proposicións económicas resultaría inevitablemente quebrantado, xerando desconfianza entre as empresas licitadoras.*

*En coherencia con todo o exposto, e ao abeiro do artigo 152.4 da Lei de Contratos do Sector Público, propónse acordar o desistimento do procedemento de adxudicación do Lote 1, sen prexuízo de que os restantes lotes continúen o seu curso normal ao non verse afectados polo vicio detectado.*

*Esta medida prevén futuras impugnacións administrativas ou xudiciais que atrasarían a contratación deste servizo, salvagardando así a continuidade das prestacións dentro dun marco de estrita legalidade. O desistimento, ademais, non impide a inmediata iniciación dun novo procedemento para o Lote 1.*

*O que se informa os efectos oportunos”.*

En base ao citado informe, a Mesa de Contratación acorda:

1. Tomar coñecemento e prestarlle conformidade ao contido do informe do xefe de servizo de Contratación de data 10 de xuño de 2025 (CSV: JCVQA42T5ZXJHC8Y).
2. Propor ao órgano de contratación, neste caso o Pleno da Deputación de Pontevedra, en aras a garantir os principios de igualdade, obxectividade e transparencia que han de rexer toda contratación pública, que se proceda a desistir do procedemento de adxudicación do Lote 1 do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación.
3. Que, con respecto o resto dos lotes deste procedemento aberto, ao non verse afectados polo vicio detectado, se continúen realizando os trámites de asistencia ao órgano de contratación no proceso de licitación para propor a adxudicación dos demais lotes as empresas que presenten as ofertas máis vantaxosas.

**8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2024043090).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo do Pleno do día 31 de xaneiro de 2025 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de febreiro de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 4 de febreiro de 2025. Así



mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Tendo en conta que, en data 24 de febreiro de 2025, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto contra os pregos reguladores da presente contratación e que con data 4 de marzo de 2025, emite resolución 39/2025 do citado recurso estimando o mesmo, por acordo do Pleno do día 28 de marzo de 2025 aprobouse modificar o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen nesta contratación e reiniciar o prazo para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación rectificado enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 1 de abril de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 1 de abril de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos modificados de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 8 de maio de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes para cada un dos lotes:

| Lote   | Denominación                             | Empresa admitidas                                                                                                                             |
|--------|------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Lote 1 | Sede de Vigo                             | 1. Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)<br>2. Segursystem Europa, S. L. (CIF: B36562429)<br>3. Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276) |
| Lote 2 | Centro Príncipe Felipe e a Lanzada       | 1. Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)<br>2. Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)                                                     |
| Lote 3 | Museo de Pontevedra                      | 1. Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)<br>2. Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)<br>3. Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276)  |
| Lote 4 | Cooperación, EFA, COI e Finca Mouriscade | 1. Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)<br>2. Segursystem Europa, S. L. (CIF: B36562429)<br>3. Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276) |
| Lote 5 | Turismo Rías Baixas                      | 1. Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)<br>2. Segursystem Europa, S. L. (CIF: B36562429)                                                    |

Na reunión do día 8 de maio de 2025 a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobre B, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico da Unidade de Control e Vixilancia (Lote 1), do Centro Príncipe Felipe e do servizo de Xuventude e Reto Demográfico (Lote 2), do Museo de Pontevedra (Lote 3), do servizo



de Cooperación (Lote 4) e do servizo de Turismo Rías Baixas (Lote 5) para que avaliaran e ponderasen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Polo persoal técnico dos centros e servizos referidos emitíronse os correspondentes informes de valoración técnica cos seguintes códigos CSV:

| Lote   | Denominación                             | CÓDIGO CSV       |
|--------|------------------------------------------|------------------|
| Lote 1 | Sede de Vigo                             | HH8LCFMTN1Z2BS45 |
| Lote 2 | Centro Príncipe Felipe e a Lanzada       | 7BMT6V8Q5V0TR8M1 |
| Lote 3 | Museo de Pontevedra                      | G9B8FLLI02SX65I4 |
| Lote 4 | Cooperación, EFA, COI e Finca Mouriscade | Y0IFTV8ER206K9LT |
| Lote 5 | Turismo Rías Baixas                      | 2Y1RV18ZKKRJSJCH |

A Mesa de Contratación, na sesión do día 5 de xuño de 2025, prestou conformidade ás puntuacións acadadas en base aos citados informe, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

No obstante, a Mesa de Contratación acordou non incorporar na acta as proposicións económicas do lote número 1 contidas no sobre “C”, deixando as mesmas baixo custodia ata que o órgano de contratación resolva sobre a proposta de desistencia por un erro non subsanable, ao abeiro do artigo 152.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Os valores ofertados polas empresas, para o resto dos lotes, foron os seguintes:

#### **ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175)**

##### **Lote 4**

**1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):**

|                         |             |
|-------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE:      | 39.900,00 € |
| IVE (21%):              | 8.379,00 €  |
| Importe total ofertado: | 48.279,00 € |

**2. Servizos extraordinarios.** Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 7,48%

**3. Plan de formación continua.** A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas

#### **SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)**

##### **Lote 2**



**1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):**

|                         |              |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE:      | 381.431,01 € |
| IVE (21%):              | 80.100,51 €  |
| Importe total ofertado: | 461.531,52 € |

**2. Servizos extraordinarios.** Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 12,62%

**3. Plan de formación continua.** A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas

**Lote 3**

**1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):**

|                         |              |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE:      | 795.125,26 € |
| IVE (21%):              | 166.976,30 € |
| Importe total ofertado: | 962.101,56 € |

**2. Servizos extraordinarios.** Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 12,62%

**3. Plan de formación continua.** A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas

**SEGURSYSTEM EUROPA, S. L. (CIF: B36562429)**

**Lote 4**

**1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):**

|                         |            |
|-------------------------|------------|
| Importe sen o IVE:      | 48.962,30€ |
| IVE (21%):              | 10.282,08€ |
| Importe total ofertado: | 59.244,39€ |

**2. Servizos extraordinarios.** Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 6,00%

**3. Plan de formación continua.** A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas

**SERVICIOS SPR VILANOVA S.L. (CIF: B36597276)**

**Lote 4**

**1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):**

|                         |             |
|-------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE:      | 40.471,78 € |
| IVE (21%):              | 8.499,07 €  |
| Importe total ofertado: | 48.970,85 € |

**2. Servizos extraordinarios.** Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 7%

**3. Plan de formación continua.** A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas



A Mesa de Contratación procede a efectuar a ponderación de ditos valores, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

| <b>CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN LOTE 2</b>                                                                 | <b>Salzillo Seguridad, S.A.<br/>(CIF: A73100638)</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
| Menor prezo ofertado para os servizos ordinarios, ata un máximo de 25 puntos.                           | 8,90                                                 |
| Porcentaxe de baixada ofertado para os prezos dos servizos extraordinarios, ata un máximo de 20 puntos. | 0,00                                                 |
| Plan de formación, ata un máximo de 20 puntos.                                                          | 20,00                                                |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE C</b>                                                                         | <b>28,90</b>                                         |

| <b>CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN LOTE 3</b>                                                                 | <b>Salzillo Seguridad, S.A.<br/>(CIF: A73100638)</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
| Menor prezo ofertado para os servizos ordinarios, ata un máximo de 25 puntos.                           | 9,72                                                 |
| Porcentaxe de baixada ofertado para os prezos dos servizos extraordinarios, ata un máximo de 20 puntos. | 0,00                                                 |
| Plan de formación, ata un máximo de 20 puntos.                                                          | 20,00                                                |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE C</b>                                                                         | <b>29,72</b>                                         |

| <b>CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN LOTE 4</b>                                                                 | <b>Alcor Seguridad,<br/>S.L. (CIF:<br/>B27382175)</b> | <b>Segursystem<br/>Europa, S. L. (CIF:<br/>B36562429)</b> | <b>Servicios SPR<br/>Vilanova S.L.<br/>(CIF:<br/>B36597276)</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| Menor prezo ofertado para os servizos ordinarios, ata un máximo de 25 puntos.                           | 25,00                                                 | 3,68                                                      | 23,73                                                           |
| Porcentaxe de baixada ofertado para os prezos dos servizos extraordinarios, ata un máximo de 20 puntos. | 20,00                                                 | 0,00                                                      | 13,51                                                           |
| Plan de formación, ata un máximo de 20 puntos.                                                          | 20,00                                                 | 20,00                                                     | 0,00 (*)                                                        |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE C</b>                                                                         | <b>65,00</b>                                          | <b>23,68</b>                                              | <b>37,24</b>                                                    |



(\*) A empresa licitadora non aporta os documentos xustificativos da formación a realizar, tal e como se establece no apartado 9.2.3 do PCAP

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación a exclusión, nos lotes que se sinalan, das seguintes empresas licitadoras, por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (cláusula 9.1 PCAP):
  - a. Lote 2: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)
  - b. Lote 3: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) e Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276)
  - c. Lote 5: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) e Segursystem Europa, S.L. (CIF: B36562429)
2. Propor ao órgano de contratación a declaración de deserto do Lote 5 (Turismo Rías Baixas) por non acadar ningunha empresa das que optan á adxudicación do contrato correspondente a este lote, o mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.
3. Propor ao órgano de contratación, en aras a garantir os principios de igualdade, obxectividade e transparencia que han de rexer toda contratación pública, que desista do procedemento de adxudicación do Lote 1 deste contrato polos motivos que se sinalan no informe do xefe de servizo de Contratación de data 10 de xuño de 2025 con CSV: JCVQA42T5ZXJHC8Y.
4. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas, nos lotes 2, 3 e 4, polas empresas que concorren neste procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

| CLASIFICACIÓN | LOTE 2                                       | PUNTUACIÓN SOBRE B | PUNTUACIÓN SOBRE C | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---------------|----------------------------------------------|--------------------|--------------------|------------------|
| 1ª            | Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)    | 18,00              | 28,90              | 46,90            |
| CLASIFICACIÓN | LOTE 3                                       | PUNTUACIÓN SOBRE B | PUNTUACIÓN SOBRE C | PUNTUACIÓN TOTAL |
| 1ª            | Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)    | 29,00              | 29,72              | 58,72            |
| CLASIFICACIÓN | LOTE 4                                       | PUNTUACIÓN SOBRE B | PUNTUACIÓN SOBRE C | PUNTUACIÓN TOTAL |
| 1ª            | Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)       | 19,00              | 65,00              | 84,00            |
| 2ª            | Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276) | 27,00              | 37,24              | 64,24            |
| 3º            | Segursystem Europa, S. L. (CIF: B36562429)   | 17,50              | 23,68              | 41,18            |

5. Propor ó órgano de contratación que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de



Contratos do Sector Público, a adxudicación dos lotes 2, 3 e 4 do referido procedemento aberto, ás seguintes empresas para cada un dos lotes, polos prezos e valores ofertados:

- a. Lote 2: Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)
- b. Lote 3: Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)
- c. Lote 4: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)

FORA DA ORDE DO DÍA e previa declaración e aprobación, por unanimidade da urxencia, tratouse o seguinte asunto:

**ASUNTO:** *Aclaración da oferta técnica presentada no sobre “B”, pola empresa Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A. para optar á adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000 (Expte 2025005763).*

O Secretario comenta que a Mesa de Contratación, na reunión do día 5 de xuño de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000, acordando trasladar a referida documentación ao persoal técnico do servizo de Cooperación cos Municipios, para a súa valoración técnica.

No análise da devandita documentación, o persoal técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios observa a seguinte omisión na documentación presentada pola empresa Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A. (CIF: A08001182):

- *A empresa presenta os estudos lumínicos de cada municipio en formato PDF, indicando resultados dos viales que cumprirían o establecido no prego de prescricións técnicas respecto a cálculos lumínicos, pero non achega a documentación en formato DLX que xustifique tales resultados.*

O Secretario da Mesa de Contratación considera que é necesario e aceptable que se lle requira a aclaración a empresa Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A., motivado polo feito de que non completa nin varía a oferta inicial, e non ten relevancia na valoración porque non forma parte do criterio de valoración, senón que serve para acreditar o cumprimento das condicións mínimas.

A Mesa de Contratación acorda:



1. Que de conformidade co establecido no artigo 141 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na cláusula 13.1 da parte xeral do prego administrativo, se lle requira por parte do Secretario, mediante comunicación electrónica, a empresa, Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A., para que proceda a aclarar o cumprimento dos requisitos coa aportación do documento .DLX referente os cálculos lumínicos dos viais.
2. Este requirimento deberá cumprimentarse no prazo de tres días naturais, contados a partir do día seguinte a notificación do mesmo presentando a empresa, Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A., a documentación correspondente na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal> ).
3. No caso de que a empresa, Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A., non cumprimente o requirimento no prazo sinalado, considerarase excluída do procedemento.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

